
E UN VOOU SOBRE O NIÑO DO CUCO

Texto de KEN KESEY

Tradución de NEILA GARCÍA SALGADO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 428 páx. 17 €.

[E un voou sobre o niño do cuco](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-73-3. Narrativa. Faktoría K.

[Algú va volar per damunt del niu del cucut](#) (català)

ISBN 978-84-18558-03-0. Narrativa. Faktoría K.

-Caramba, que grupo máis lastimoso. A min non me pareceades tolos, rapaces.

Está intentando que se relaxen, como o organizador da poxa que conta chistes para que o público se sinta ás súas anchas antes de empezar.

-Quen cre ser o máis tolo de todos? Quen é o peor lunático?


Quen organiza estas partidas de cartas? É o meu primeiro día aquí e gustaríame producirlle boa impresión ao xefe, se é quen de demostrarme que é o que manda. Quen é o gran lunático da sala?

«E un voou sobre o niño do cuco» é unha novela de culto escrita en 1959 e publicada en 1962 que callou fondo nos campus universitarios e nas comunas *hippies* dos anos 60. Na súa etapa estudantil, Ken Kesey ofreceuse voluntario para participar en experimentos sobre drogas psicodélicas como o LSD que os psiquiatras dun hospital californiano ensaiaban con vistas a posibles usos terapéuticos.

Desa experiencia persoal xurdiu esta obra protagonizada por Randle P. McMurphy, un personaxe vitalista, amoral, rebelde e agresivo: para escapar das penalidades da prisión na que está condeado a cumprir traballos forzados, é enviado a un hospital psiquiátrico de Oregon e nada máis poñer o pé nesa institución, emprenderá unha loita contra o sistema represivo da enfermeira Ratched. Algúns internos morrerán; outros descubrirán os encantos da bebida, do sexo, da liberdade e da insurrección constante, como resultado das múltiples ocorrencias de McMurphy: capitanear un equipo de baloncesto, organizar unha votación para reclamar que os internos poidan ver as Series Mundiais, introducir alcohol e mesmo prostitutas nas habitacións...

Canda el, outro personaxe destacado é Xefe Bromden, un dócil e corpulento amerindio que sobrevive no hospital finxindo ser mudo e xordo. De conflito en conflito coa enfermeira, ambos pacientes acaban sendo enviados a terapia de electrochoque, pero nin así conseguen controlar o comportamento combativo de McMurphy

Superada a polémica que suscitou a súa publicación, hoxe en día é un texto inscrito plenamente na mellor tradición da gran literatura americana. A novela foi adaptada ao cinema en 1975 por Milos Forman, con cinco premios Óscar. A revista Time incluíuna entre as cen mellores novelas escritas en inglés entre 1923 e 2005.



- **Temática:** novela ambientada nun psiquiátrico.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** referente do movemento *hippie*; liberdade, supervivencia, rebeldía; trastorno mental.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/e-un-voou-sobre-o-ninho-do-cuco-g>

Ken Kesey

(Estados Unidos, 1935 - 2001)

Estudou xornalismo na Universidade de Oregon. Fíxose famoso coa súa primeira novela, «E un voou sobre o niño do cuco» (1962). Canda un grupo de amigos creou o grupo «Alegres bromistas» -pioneiro na experimentación co LSD e coa marihuana- co que percorreu os Estados Unidos nun autobús pintado con cores fluorescentes e chamado «Máis alá». Nesta experiencia baseáronse algúns dos elementos que darían lugar ao movemento *hippie*. No seu itinerario colaborou o grupo Grateful Dead, que acompañaba con música psicodélica as sesións abertas de consumo de LSD que organizaba o propio Kesey, destacado polo seu enfoque irreverente e imprevisible da *Contracultura*, baseada na cultura pop (cómico, ciencia ficción e rock&roll) norteamericana. A persecución policial levou a Kesey a dar por superada a súa etapa coas drogas, aínda que ata o seu pasamento seguiu sendo un referente do *underground*.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
